



MEMORIA RELATIVA AOS ANTECEDENTES, RAZÓNS DE OPORTUNIDADE E OBXECTIVOS PERSEGUIDOS COA APROBACIÓN DUN PLAN ESPECÍFICO DE SUBVENCIONS A CONCELLOS TURÍSTICOS CON ELEVADO INCREMENTO POBOACIONAL, PARA A CONTRATACIÓN DE AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL DURANTE A TEMPADA DE VERÁN DE 2018

O Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (DOG núm. 91, do 14 de maio), atribúelle a este departamento, a elaboración, proposta e execución da política do Goberno Galego en materia de Administración Local así como as competencias en materia de asistencia á Administración Local e o fomento das liñas de colaboración coas Entidades Locais.

No mesmo Decreto de estrutura orgánica, o seu artigo 20 establece que é competencia da Dirección Xeral de Administración Local, as relacións coas entidades locais e coas demais institucións relacionadas co ámbito do poder local, así como o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución das subvencións a elas destinadas.

Segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os concellos deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza.

A Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade, sinala que lles corresponde ás comunidades autónomas coordinar as actuacións das policía locais dentro do seu ámbito territorial. Con tal motivo promulgouse a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais de Galicia, que veu substituír á Lei 3/1992, do 23 de marzo, co obxectivo de coordinar as policía locais do seu territorio, obter un funcionamento homoxéneo destes corpos e acadar unha acción conxunta e eficaz no sistema de seguridade pública galega. Nesta mesma Lei, no artigo 95, prevese que nos concellos con aumento notorio de poboación en tempadas determinadas poderase incrementar transitoriamente o seu cadro de persoal mediante a contratación de persoal con funcións de auxiliar de policía.

Pola súa vez, a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establece, entre outros principios, o de que as entidades locais galegas e a Xunta de Galicia adecuarán a súa actuación aos de colaboración, cooperación e auxilio que puidesen precisar conxunturalmente para o eficaz cumprimento das súas tarefas, entre as cales está a de seguridade en lugares públicos.

No marco xurídico descrito, a Xunta de Galicia ten entre os seus obxectivos potenciar e apoiar a prestación de servizos por parte dos nosos concellos, como Administración máis próxima aos administrados; por este motivo atopa de interese reforzar a vixilancia e a seguridade en concellos turísticos de Galicia durante a tempada de verán, co fin de aumentar a eficacia dos seus corpos de policía local no desenvolvemento das funcións que lle son propias, polo que ten de apoio ao mantemento dun importante tecido socioeconómico e da prestación de servizos, redundando todo iso na mellora da vida local que é o ámbito máis próximo e que incide de xeito máis directo na vida da cidadanía. Para tal fin é preciso que os referidos concellos conten con persoal auxiliar de policía local durante a tempada de verán, de xeito que se preste un mellor servizo á poboación que neles reside e indirectamente ao conxunto da poboación de Galicia.

As dificultades para afrontar os compromisos económicos que o reforzamento dos cadros da policía local durante a tempada de verán representan para as facendas municipais únense á necesaria aplicación de criterios de eficiencia na asignación dos recursos públicos, nun contexto de





austeridade económica e estabilidade orzamentaria no que se inscribe a acción de todas as administracións públicas, sen que a Administración local constitúa unha excepción neste sentido. Neste contexto, a Xunta de Galicia, no marco do fomento das liñas de colaboración coas Entidades Locais, atopa de interese apoiar o significativo esforzo en materia de seguridade cidadá e vixilancia que os concellos deben realizar, esforzo directamente relacionado co notorio incremento poboacional de carácter estacional do que é representativo o número de prazas de aloxamento con que estes concellos contan.

O Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades galegas, de aplicación ás subvencións concedidas pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cuxos beneficiarios sexan as entidades locais galegas, contempla que o órgano competente para a concesión de subvencións poida elaborar un plan específico para liñas especiais de subvencións de carácter singular dirixidas ás entidades locais cando existan razóns de interese público, social, humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria e así se recolla no plan.

En atención ao anteriormente exposto, estimando que concorren as circunstancias de interese público, polo que supón de apoio en materia de seguridade cidadá e vixilancia e de contribución ao mantemento dun importante tecido socioeconómico e da prestación de servizos, redundando todo iso na mellora da vida local que é o ámbito máis próximo e que incide de xeito máis directo na vida da cidadanía, elabórase o Plan Específico de Subvencións a concellos de Galicia para a contratación de auxiliares de policía local durante a tempada de verán 2018.

As subvencións irán destinadas a aqueles concellos turísticos de Galicia con elevado incremento poboacional, que vaian realizar contratacións de auxiliares de policía local para o reforzo do corpo durante a tempada de verán.

A selección dos concellos subvencionados realízase con base no cumprimento dos seguintes requisitos:

1. Que teñan unha poboación superior a 10.000 habitantes, segundo as cifras oficiais de poboación de 2017, fornecidas polo Instituto Galego de Estatística desde o padrón municipal de habitantes.
2. Que experimenten na tempada de verán un incremento estacional de poboación, medido polo número de prazas de aloxamento (hoteis, pensións, albergues turísticos, establecementos de turismo rural, apartamentos turísticos, campamentos de turismo, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico), cun mínimo de 1.500 prazas. Para a determinación deste requisito utilizáronse últimos datos fornecidos polo Instituto Galego de Estatística, procedentes da Axencia Turismo de Galicia, referidos ao ano 2018.
3. Que teñan declaración de municipio turístico galego, de conformidade co establecido no Decreto 39/2001, do 1 de febreiro, de refundición en materia de Consello Galego de Turismo, declaración de municipio turístico galego e declaración de festas de Galicia de interese turístico.
4. Que contén cun corpo de policía local formado por máis de 10 efectivos, segundo os datos facilitados pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior.
5. Que participen no proceso selectivo unitario para a cobertura de postos de auxiliares de policía local, convocado pola Orde do 22 de marzo de 2018 (DOG núm. 65, do 4 de abril). Alternativamente, que teñan convocados procesos selectivos para a cobertura de postos de auxiliares de policía local e remiten as bases reguladoras para os efectos da emisión de ditame pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, segundo o previsto no artigo 16 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais.





De conformidade cos requisitos indicados, resultan seleccionados os concellos seguintes:

Concello	Total prazas aloxamento	Poboación	Concello turístico	Corpo Policía Local	Núm. efectivos corpo policía	Comunicación procesos selectivos
Baiona	3.143	12.353	SI	SI	17	Bases informadas pola DXEI
Cangas	1.944	26.239	SI	SI	23	Bases informadas pola DXEI
Grove, O	7.230	11.029	SI	SI	16	Bases informadas pola DXEI
Nigrán	2.534	17.453	SI	SI	22	Bases informadas pola DXEI
Poio	2.330	17.173	SI	SI	13	Bases informadas pola DXEI
Ribeira	1.709	27.104	SI	SI	32	Bases informadas pola DXEI
Sanxenxo	20.417	17.017	SI	SI	28	Proceso selectivo unitario
Sarria	2.091	13.247	SI	SI	13	Proceso selectivo unitario

Resulta xa que logo preciso que estes concellos sexan os destinatarios das axudas recollidas neste plan, co fin de que poidan contar con persoal auxiliar de policía local durante a tempada de verán, de xeito que se preste un mellor servizo á poboación que neles reside e indirectamente ao conxunto da poboación de Galicia en xeral.

Estes concellos deberán cumprir ademais cos seguintes requisitos, que acreditarán con carácter previo á formalización do convenio:

- Teren remitidas as contas do exercicio orzamentario 2016 ao Consello de Contas de Galicia. Este requisito deberá estar cumprido o 31 de maio de 2018, é dicir, antes do comezo do período subvencionable.
- Non estaren incursos en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Para a consecución do obxectivo a que se refire esta orde, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza destinará ata un límite de SETENTA MIL EUROS (70.000,00 euros), con cargo á aplicación orzamentaria 05.23.141A.460.0, (C.P. 2015 00095), correspondente aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, distribuídos do seguinte xeito:

- 15.000 € para aqueles concellos en que o número de prazas hoteleiras represente máis do 80% sobre o total de poboación (Sanxenxo)





- 12.500 € para os concellos en que o número de prazas represente máis do 20% sobre o total de poboación (O Grove e Baiona).
- 6.000 € para os concellos en que o número de prazas hoteleiras represente menos do 20% sobre o total de poboación (Cangas, Nigrán, Poio, Ribeira e Sarria).

Concello	Total prazas aloxamento	Poboación	% prazas con relación ao total de poboación	Importe da subvención
Baiona	3.143	12.353	25,44%	12.500,00
Cangas	1.944	26.239	7,41%	6.000,00
Grove, O	7.230	11.029	65,55%	12.500,00
Nigrán	2.534	17.453	14,52%	6.000,00
Poio	2.330	17.173	13,57%	6.000,00
Ribeira	1.709	27.104	6,31%	6.000,00
Sanxenxo	20.417	17.017	119,98%	15.000,00
Sarria	2.091	13.247	15,78%	6.000,00
TOTAL				70.000,00

A aprobación do Plan específico de subvencións a concellos turísticos con elevado incremento poboacional, para a contratación de auxiliares de policía local durante a tempada de verán 2018 e a posterior subscrición dos correspondentes convenios de colaboración con cada unha das entidades beneficiarias, requiren os informes previos da Asesoría Xurídica, da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos e da Intervención Delegada.

A directora xeral de Administración Local

Marta Fernández-Tapias Núñez
(documento asinado dixitalmente na marxe)

